



**XUNTA
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 565
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



**FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE “MAKER FAIRE GALICIA” EN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2020

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016.

E doutra parte, **DESIGN THINKERS & MAKERS, SOCIEDAD LIMITADA** con domicilio fiscal en e provista do Número de Identificación Fiscal, constituída o.

Está representada neste acto por, con DNI en calidade de, segundo poder notarial escriturado ante notario, o.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (o “Convenio”), e ao efecto

EXPÓNEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.



Xacobeo 2021



Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACION leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do Emprendemento cultural en toda a súa extensión e en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, realiza actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuir á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

III.- Que **Design Thinkers and Makers**, é unha empresa que se adica á innovación en tres ámbitos, o educativo, o empresarial e o social e cultural. No ámbito educativo innova a través do proxecto VermisLAB, no empresarial coa consultora Designthinking.gal e no social e cultural con proxectos como a Maker Faire Galicia ou o Roteiro Maker, onde achega a innovación á sociedade a través de experiencias interactivas.

IV.- Que Design Thinkers and Makers é organizadora de **Maker Faire Galicia** e dispón de autorización de utilización de marca rexistrada Maker Faire, na actualidade a maior da península tanto en número de xornadas, como de asistentes ou proxectos presentados. Nas últimas cinco edicións, Maker Faire Galicia recibiu máis de 50.000 asistentes de 10 países diferentes. Acolleu máis de 300 proxectos ideados por máis de 900 makers e tivo presenza en máis de 300 medios de comunicación.

Este ano a Maker Faire Galicia celebrarase por cuarto ano consecutivo en Santiago de Compostela do 3 ó 7 de xuño. Tanto as xornadas profesionais (3 e 4 de xuño), como a xornada de educación (novidade nesta edición que se celebrará o 5 de xuño) como as abertas (6 e 7 de xuño), contan cun espazo de máis de 15.000 m² e se prevé a seguinte asistencia de visitantes;

- Xornadas profesionais: 350 persoas por día
- Xornada educación: 2000 persoas
- Xornadas de portas abertas: 4.000 persoas por día.

V.- Que, segundo o manifestado ut supra, a FUNDACIÓN considera que a celebración da edición 2020 de Maker Faire Galicia en Cidade da Cultura de Galicia, pode contribuír ao desenvolvemento e enriquecemento do tecido galego, na promoción da cultura emprendedora e á contribución ao crecemento económico e creación de emprego.

VI.- Que, visto o anterior, as partes están interesadas en que se celebre en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia o evento de **Maker Faire Galicia**, polo que as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio a cesión temporal a título gratuito de espazos prevista na cláusula terceira (vinculada ao calendario de actividades previsto en ANEXO I), para a celebración de **Maker Faire Galicia** do 03 ao 07 de xuño de 2020 e os días precisos para a realización da montaxe e desmontaxe do evento (previsto entre o 31 de maio e o 03 de xuño para a montaxe e, entre o 07 e o 9 de xuño de 2020, para o caso da desmontaxe).

DESIGN THINKERS AND MAKERS declara que os espazos cedidos en virtude do presente convenio se encontran en perfecto estado e en condicións de servir ao uso ao que se destinan. Así mesmo comprométese a, unha vez producida a resolución do presente Convenio ou a expiración da súa vixencia, a poñer os espazos e instalacións de forma inmediata a disposición da Fundación, no mesmo estado en que se encontran no momento de sinatura do presente Convenio.





DESIGN THINKERS AND MAKERS non poderá levar a cabo modificación ningunha nas instalacións sen a autorización expresa da Fundación, e acepta neste acto as normas e condicións xerais aprobadas pola Cidade da Cultura de Galicia.

SEGUNDA.- OBRIGAS DE DESIGN THINKERS AND MAKERS

En virtude do presente convenio, DESIGN THINKERS AND MAKERS se obriga a:

- a) Realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas.
- b) En canto promotor do evento, será o encargado exclusivo da súa organización, así como da presentación das comunicación e/ou obtención das oportunas autorizacións e licenzas ante os organismos competentes de acordo coa normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas. Con carácter previo ao evento, deberá presentar documentación xustificativa das xestións realizadas e das autorizacións, no seu caso, obtidas a tal efecto.
- c) Comunicar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia o calendario e programación do evento, especialmente os que impliquen prolongar o horario de apertura do/s edificio/s onde se desenvolva a/s actividade/s.
- d) Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- e) Coordinar a comunicación do evento coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación: para elo a DESIGN THINKERS AND MAKERS informará por anticipado á Fundación das accións de comunicación e deberán remitir para aprobación da Fundación, todos os materiais de comunicación antes de ser editados, nomeando a tal efecto un representante, que coordinará co Departamento de Marketing e Comunicación da Fundación, toda clase de actos públicos de difusión e promoción do evento, tales como roldas de prensa ou actos con medios.
O responsable do evento se compromete á convocatoria dun representante da Fundación Cidade da Cultura a roldas de prensa ou actos de comunicación pública que realice para de difusión e promoción do evento.
- f) Compromiso de incluír, en todo o material divulgativo e publicitario que se edite, o logotipo da Fundación Cidade da Cultura de Galicia en calidade de entidade patrocinadora do evento na máxima categoría de patrocinio
- g) Comunicar á Fundación a programación de actividades a desenvolver nos espazos cedidos e informar puntualmente dos cambios no programa.
- h) Limitar as actividades que afecten ás áreas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
- i) A conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, DESIGN THINKERS AND MAKERS deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento, de calquera tipo, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na CDC. A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento que se encontre situado dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza, dende o momento de vixencia do presente convenio. Igualmente contratarán unha póliza de seguro de responsabilidade civil e de danos relativa á actividade a realizar, debendo acreditar que conta cos seguros necesarios para garantir a cobertura de todo tipo de continxencias (persoais e sobre equipos, infraestruturas e mobiliario) que poidan ocorrer durante o evento e na fase de montaxe e desmonte do mesmo.
- j) Contratar servizos de limpeza, vixilancia e mantemento extraordinarios do recinto e instalacións cedidas durante a celebración de Maker Faire Galicia 2020, conforme ao previsto nas cláusulas deste acordo. Así mesmo, será do seu cargo a contratación do persoal que deba encargarse da recepción, almacenaxe e vixilancia do material almacenado pertencente a terceiros, así como do control de accesos ao recinto.
- k) Xestionar e coordinar ao persoal contratado por DESIGN THINKERS AND MAKERS, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición





de empregador, sendo a FUNDACIÓN do todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.

- l) Identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión da autorización de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da CdC.
- m) Velar por un uso racional do/s edificio/s e das súas instalacións con criterios de eficiencia económica e respecto ao medio ambiente, respectando as instrucións que se diten ao efecto.
- n) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.
- o) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente, incluída, de ser o caso, a coordinación de actividades empresariais prevista no Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos laborais.
- p) Incorporarse ao Plan de Emerxencia e Evacuación xeral do recinto. En todo caso, DESIGN THINKERS AND MAKERS deberá elaborar un plan de emerxencia propio para a actividade, no que se contemple a comunicación de incidentes ao centro de control 24h da Cidade da Cultura de Galicia.
- q) Elaborar un Plan de Autoprotección Complementario para o evento, segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En virtude do presente convenio, a FUNDACIÓN se obriga a:

- a) A cesión temporal a título gratuito dos seguintes espazos:
 - 1. Museo Centro Gaiás (do 3 ao 7 de xuño, con montaxe dende o 31 de maio e desmontaxe de 8 a 9 de xuño).
- b) Mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio de DESIGN THINKERS AND MAKERS, a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- c) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- d) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- e) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- f) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por DESIGN THINKERS AND MAKERS, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.
- g) Deseño e autorización da sinalética no espazo onde se realizará o Maker Faire Galicia 2020, dentro do complexo da CdC, para informar da/s ubicación/s onde se celebre o evento.

CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS

DESIGN THINKERS AND MAKERS e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Desenvolver, a través dos instrumentos máis adecuados, un ámbito de coordinación horizontal.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.





Serán por conta de DESIGN THINKERS AND MAKERS, ademais dos gastos de persoal dependente de DESIGN THINKERS AND MAKERS calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia tales como materiais publicitarios, material de oficina, material de balización e sinalización, material informático e de telecomunicacións, equipamento eléctrico e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas). Así mesmo serán por conta da DESIGN THINKERS AND MAKERS a xestión da venda de entradas e os ingresos xerados por estes, así como os gastos e ingresos relacionados co desenvolvemento no Gaiás.

Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos *ordinarios* correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola DESIGN THINKERS AND MAKERS) ou impostos que afecten ao inmovible.

SEXTA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente a DESIGN THINKERS AND MAKERS.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos e DESIGN THINKERS AND MAKERS será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

SÉTIMA.- LIMPEZA

A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia; non obstante, mentres estea vixente o presente convenio de cesión de espazos, a limpeza extraordinaria das instalacións, espazos obxecto de cesión segundo figura no obxecto do convenio, corresponden na súa totalidade a DESIGN THINKERS AND MAKERS, quen asume a responsabilidade de contar, en todo momento, cos recursos materiais e humanos que aseguren que antes, durante e despois dos días de utilización o recinto afectado pola cesión quede en perfecto estado.

Unha vez finalizada a relación contractual, DESIGN THINKERS AND MAKERS deberá deixar os espazos e instalacións cedidas totalmente limpos de residuos; no caso de que DESIGN THINKERS AND MAKERS acumule entullos ou refugallos, procederá á súa recollida conforme as condicións orixinais dos espazos e instalacións obxecto de cesión, sen prexuízo de que de non producirse tal recollida, se facture á DESIGN THINKERS AND MAKERS este servizo en partida independente, segundo tarificación ordinaria.

OITAVA.- SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESO AO ESPAZO

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

Non obstante, o control de acceso aos espazos obxecto deste acordo e a seguridade dos mesmos, dependerán de DESIGN THINKERS AND MAKERS e a tal fin contará co persoal que estime oportuno, e establecerá para o devandito persoal os horarios que determine en función das necesidades do evento. O persoal de control de acceso levará de forma visible e permanente un distintivo que o identifique e o acredite como tal, que deberá ser validado pola FUNDACIÓN.

O exercicio do dereito de admisión, ás instalacións e espazos cedidos, corresponderá a DESIGN THINKERS AND MAKERS, se ben no caso de non permitir a entrada de calquera persoa á zona cedida, de xeito debidamente xustificado, DESIGN THINKERS AND MAKERS, poderá contar coa colaboración do persoal de seguridade da FUNDACIÓN, co fin de asegurar o abandono das instalacións das persoas non admitidas.

DESIGN THINKERS AND MAKERS é responsable do trato que o persoal ao seu cargo dispense ao público asistente.

NOVENA.- PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS





En cumprimento da normativa aplicable en materia de autoprotección, a Fundación dispón dun Plan de actuación ante emerxencias vixente para o conxunto de edificacións e áreas urbanizadas do complexo do Gaiás.

Non obstante o anterior, con 15 días de antelación ao inicio dos traballos de montaxe do evento determinarase por parte do Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia se resulta necesario a Elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario para o evento. En todo caso, os organizadores do evento deberán aportar ao Director do Plan de Autoprotección Único a seguinte información:

- Espazos ocupados
- Descrición da actividade
- Aforo máximo e sistema de control de aforo
- Equipamento, mobiliario ou estruturas a instalar
- Fontes de enerxía
- Medios humanos dedicados á actividade.

Se o Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia non considerase necesario a elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario por non requirilo o evento, será suficiente se con 48 horas de antelación á celebración do evento se definen os equipos de evacuación e os equipos de primeira intervención designados para atender o evento.

No caso de que o Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia considerase necesario a elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario, con 48 horas de antelación ao inicio da actividade, deberá serlle entregada unha copia do Plan de Autoprotección Complementario.

En todo caso, DESIGN THINKERS AND MAKERS deberá elaborar un plan de emerxencia propio para a actividade, no que se contemple a comunicación de incidentes ao centro de control 24h da Cidade da Cultura de Galicia, que deberá ser presentado ao Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia.

DÉCIMA.- MANTEMENTO

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, DESIGN THINKERS AND MAKERS será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento. Se ao final do período de utilización das instalacións e dos espazos cedidos se tivese deteriorado algunha instalación ou espazo, a DESIGN THINKERS AND MAKERS comprométese a repoñelas á súa costa ao seu estado orixinal.

En todo caso, na data de sinatura do presente documento, DESIGN THINKERS AND MAKERS deberá acreditar a constitución dunha póliza de seguros de responsabilidade civil, para responder dos danos persoais e materiais derivados da utilización dos espazos e instalacións cedidos e das actividades organizadas pola DESIGN THINKERS AND MAKERS. A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

Igualmente, para responder de posibles danos, á data de sinatura do presente convenio DESIGN THINKERS AND MAKERS constituiu unha garantía por importe de mil euros (1.000,00 €). Esta garantía será devolta ao Cesionario ao finalizar a relación convencional, unha vez deducida calquera cantidade debida á cedente nese momento, dedución que consente neste acto o Cesionario.

UNDÉCIMA.- CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS E INSTALACIÓNS CEDIDOS

En ningún caso a utilización por DESIGN THINKERS AND MAKERS das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados pola DESIGN THINKERS AND MAKERS:





- DESIGN THINKERS AND MAKERS deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.
- Trala finalización da relación contractual DESIGN THINKERS AND MAKERS deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade, e no seu caso a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

DUODÉCIMA.- DIFUSIÓN DE IMAXES DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte de DESIGN THINKERS AND MAKERS en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá a aprobación expresa e por escrito da Fundación.

DÉCIMO TERCEIRA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente convenio.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente contrato.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados.

Ambas as partes comprométese a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a prestación dos servizos obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPd, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lle dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;





Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio. A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A Comisión reunirse tantas veces estime se necesario a convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos para tratar.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista para a realización de **Maker Faire Galicia** do 03 ao 07 de xuño de 2020 e os días precisos para a realización da montaxe e desmontaxe do evento (previsto entre o 31 de maio e o 03 de xuño para a montaxe e, entre o 07 e o 9 de xuño de 2020, para o caso da desmontaxe).

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social ou natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar Indemnizacións.

As condicións da montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.

DÉCIMO SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á FUNDACIÓN.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.
6. O comportamento irregular do persoal de DESIGN THINKERS AND MAKERS.
7. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
8. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.
9. A denegación das autorizacións e licenzas que procedan, así como os demais incumprimentos da normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A resolución por incumprimento de DESIGN THINKERS AND MAKERS extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do evento ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións a DESIGN THINKERS AND MAKERS de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste documento contractual.

DÉCIMO OITAVA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE





**XUNTA
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 565
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



**FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

galicia

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en virtude do disposto no seu artigo 6. O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO NOVENA.- PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente Convenio a publicidade esixida.

E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, e para un só efecto, no lugar indicado no encabezamento e na data de última sinatura.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por Design Thinkers And Makers

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente



Xacobeo 2021



ANEXO I.- ACTIVIDADES A REALIZAR NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

(Programa Provisional de Actividades)

Xornadas Profesionais - Mércores 3 de xuño e Xoves 4 de xuño

Estas xornadas estarán enfocadas por bloques de interese relacionados con sectores estratéxicos para Galicia como son: saúde, alimentación, automoción, aeronáutica, enerxía e economía circular.. Alternaranse ponencias con obradoiros e espazo expositivo con proxectos de referencia

Xornada Profesional - Mércores 3 de xuño

Horario	Contido
9:00 - 9:23	Apertura e recepción
9:30 - 10:00	Mesa inaugural: Representantes do Concello de Santiago, Xunta, ACDC, APD e Maker Faire Galicia
10:00 - 10:30	Yannick Roy - Neurotech
10:30 - 11:15	Tecnoloxías que cambiarán o mundo: Marta Pita-MIT(Computación Cuántica), Amparo Betanzos (Asociación Española de AI) Carlos Grau - Mobile World Congress - (5G)
11:15 - 11:45	Pausa Café e visita a expositores
11:45 - 12:30	Aceleradoras - BFA, BFF, BFAero
12:30 - 13:15	Da Maker ó Mercado - Forensic & Security, 3D Limitless. Psico VR, Scienceeffect
13:15 - 15:00	Xantar networking



Horario	Contido
16:00 - 16:30	Cluster alimentación, cluster saúde e Bioga
16:30 - 17:00	My Real Food
17:00 - 17:30	Pitch de proxectos
17:30 - 18:00	Break
18:00 - 18:45	Mesa Alimentación - Candelas, Dieta atlántica e Congalsa
18:45 - 19:30	Mesa Saúde - Pendente pechar

Xornada Profesional - Xoves 4 de xuño

Horario	Contido
9:00 - 9:30	Apertura e recepción
9:30 - 10:00	Clúster automoción, Consorcio Galego Aeronáutico e Asime
10:00 - 10:30	Alen Space - Antón
10:30 - 11:00	Pitch de proxectos
11:00 - 11:30	Pausa Café e visita a expositores
11:30 - 12:15	Ctag (ciberseguridad), xemelo dixital, Luis Lupeon(impresión 3D)
12:15 - 13:00	Facultade Aeroespacial, Gradient e BFAero
13:15 - 15:00	Xantar networking

Horario	Contido
16:00 - 16:30	Teimas, USC e Energylab
16:30 - 17:00	Maitane - Conservación de alimentos
17:00 - 17:30	Pitch de proxectos
17:30 - 18:00	Break





18:00 - 18:45	Eólica, xeotérmica e fotovoltaica
18:45 - 19:30	Arantza Vilas, Lola Dopico e Idoia Cuesta
19:30	Entrega de Premios

Xornada Educación - Venres 5 de xuño

Horario	Contido
9:00 - 9:30	Mesa inaugural: Representantes do Concello de Santiago, Xunta, ACDC e Maker Faire Galicia
9:30 - 10:45	Innovación educativa - Paz Picallo (VermisLAB), José Viñas (IES), Steelcase e María del Camino Pereiro (colexio rural)
10:45 - 11:30	Elevator Pitch
11:30 - 12:00	Break
12:00 - 12:45	Educación Inclusiva - ONCE, CEAPAT, Teresa Ubeira (O pelouro) e Felo Couto (Tadega)
12:45 - 13:30	Tecnoloxía e Educación - Conchy Fernandez, PsicoVR-VermisLAB, Carmen Fernandez Morante - Modera Luz Castro
13:30 - 14:00	Entrega de premios

Xornada Aberta - Sábado 6 de xuño

Todo o día	Exposición proxectos maker
Todo o día	Zona interactiva - Hebocon, circuío drons, e actividades abertas varias
16:00 - 16:30	Hologramas DIY - Asier Marzo
16:45 - 17:15	Neurotech Santiago - Javi e Rocío
17:30 - 18:00	Gamers - Luz Castro Imaxin
18:15 - 18:45	Cosiendo el Paro - María Carmena





**XUNTA
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



**FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

galicia

Xornada Aberta - Domingo 7 de xuño

Todo o día	Exposición proxectos maker
11:00 - 14:00	Hebocon - <i>Competición de robots absurdos</i>
16:00 - 16:30	Charla 1
16:45 - 17:15	Maker por accidente - Sátrapa
17:30 - 18:00	Balsa Salvavidas - Tomás
18:15 - 18:45	Charla 2
20:00 - 21:00	Entrega de premios



Xacobeo 2021